

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

*Actualizado e
modificado no
curso 2022-2023*





ÍNDICE

1. Xustificación baseada no contexto.....	3
2. Identificación e valoración das necesidades.....	4
1.1. Alumnado con NEE	
1.2. Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural	
1.3. Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural	
1.4. Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo	
3. Determinación de obxectivos.....	6
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.....	8
4.1. Procedementos para a detección e valoración das Necesidades Específicas de Apoio Educativo.	
4.2. Aplicación de medidas de Atención á Diversidade.	
4.2.1. Protocolos educativos	
4.2.2. Medidas de atención á diversidade	
5. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.....	25
5.1. Medidas ordinarias	
5.2. Medidas extraordinarias	



6. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.....	33
6.1. Reunións no centro	
6.2. Reunións cos centros adscritos	
6.3. Reunións cos centros onde exista alumnado en escolarización combinada.	
6.4. Reunións cos profesionais encargados de realizar a atención educativa domiciliaria.	
7. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.....	35
7.1. Reunións e/ou entrevistas telefónicas	
7.2. Boletín informativo	
7.3. Boletín de cualificación	
7.4. Abalar	
8. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.....	37
8.1. Adaptación Curricular	
8.2. Agrupamento flexible	
8.3. Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica	
8.4. Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e primaria.	
8.5. Atención educativa domiciliaria	
8.6. Grupo de adquisición de linguas e grupo de adaptación da competencia curricular.	
ANEXOS.....	45



1. Xustificación baseada no contexto.

O CEIP do Foxo atópase situado nun contorno rural, tratándose dun centro con 9 unidades, 3 de educación infantil e 6 de educación primaria. Así, conta cos órganos de goberno e de coordinación docente que lle corresponden seguindo o Decreto 374/96, do 17 de outubro, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros.

En canto ao profesorado, contamos con:

- 4 mestras de Educación Infantil
- 7 mestres/as de Educación Primaria
- 1 mestre de Educación Física
- 1 mestra de Educación Musical
- 1 mestra de Pedagogía Terapéutica
- 1 mestra de Lingua Estranxeira: Inglés
- 1 mestra de Audición e Linguaxe
- 1 mestre de Relixión
- 1 xefa do Departamento de Orientación.

A maioría das mestras e mestres teñen o destino definitivo no centro.

No referente ás familias do alumnado, a lingua máis falada por estas e polo alumnado é o galego, polo que o centro establécea como lingua vehicular.

A maioría dos alumnos proveñen de familias estruturadas, biparentais e fixas. A ocupación laboral das familias é maioritariamente referida ao sector primario. As familias teñen un nivel socio-económico e cultural medio.



En calquera caso, a coordinación das familias co centro é adecuada: participan nas actividades programadas a nivel de centro.

O CEIP do Foxo ten escolarizado alumnado con NEAE que precisa dunha atención específica. Alumnado que ve e percibe o mundo doutro xeito, ao que ás veces lle custa participar nas dinámicas establecidas, nos xogos establecidos, nas inercias establecidas.

A nivel curricular, pedagóxico e educativo, trabállase para que dito alumnado sexa atendido atendendo sempre ás súas características, coas medidas que se estiman oportunas en cada caso.

2. Identificación e valoración das necesidades.

De acordo co Decreto 229/2011, a Orde do 8 de setembro que o desenvolve e Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro (LOMLOE), entendemos por alumnado con necesidade específica de apoio educativo as alumnas e os alumnos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por retraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atopárense en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

2.1. Alumnado con NEE

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais o que afronta barreiras que limiten o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de



trastornos graves de conduta, da comunicación e da linguaxe, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, e que require determinados apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

2.2. Alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Por alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural enténdese aquel que presenta desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole.

2.3. Alumnado con alta capacidade intelectual

O alumnado con alta capacidade intelectual caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia, e, considerando as súas posibles manifestacións, diferénciase a precocidade, o talento e a superdotación.

2.4. Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo

Presentan necesidade específica de apoio educativo por incorporación tardía ao sistema educativo cando, por procederen doutros países ou por calquera outro motivo xustificable, se escolarizan tardiamente no noso sistema educativo e presentan dificultades para acadaren os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.



3. Determinación dos obxectivos.

- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita alcanzar o máximo desenvolvemento persoal e social.
- Adaptar esta resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas matriculado no centro.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno e alumna.
- Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características específicas.
- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, fundamentalmente aos que presentan necesidades educativas. Neste punto é preciso recoller que se intentará que o profesorado que titorice aulas nas que haxa escolarizado alumnado con NEE, sexa profesorado definitivo e que complete o ciclo educativo (dous cursos consecutivos).
- Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos.
- Coordinación coas institucións ou organismos externos ao centro (EOE, Servizos Sociais...)

Os obxectivos son relativos ás necesidades, por iso se fai a seguinte división:

- Referidos ao alumnado:
 - Colaborar e participar na detección temperá de necesidades educativas de apoio.



- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adecuada e de calidade que lle permita alcanzar o máximo desenvolvemento persoal e social.
 - Adaptar esta resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas matriculado no centro.
 - Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno e alumna.
 - Coordinar o desenvolvemento de actividades encamiñadas á inserción e promoción do alumnado con características especiais.
- Referidos ao centro educativo:
 - Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumnado, fundamentalmente aos que presentan necesidades educativas.
 - Asesorar aos distintos docentes , para que nas súas programacións se contemplen os distintos niveis de dificultades que dean resposta á diversidade presente na aula.
 - Participación na revisión dos diversos documentos do centro: PE, NOFC, PO, PXAD...
 - Coordinar e colaborar coas institucións ou organismos externos ao centro (EOE, Servizos Sociais...), sempre que sexa necesario.
 - Participación nas actividades de formación que estean relacionadas coa atención á diversidade ou ben con resolución de conflitos no centro.



- Referidos ás familias
 - Fomentar a participación dos pais e nais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
 - Colaborar co mestre ou mestra titora na atención ás familias.

4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.

4.1. Procedementos para a detección e valoración das Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

A detección e valoración das necesidades realízase mediante as seguintes actuacións: avaliación inicial, sesións de avaliación e avaliación psicopedagóxica.

A principios de curso, segundo a orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.e a orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a devandita normativa de avaliación, o profesorado titor realizará a avaliación inicial e establecerá o nivel de competencia curricular do alumno/a en colaboración co resto do profesorado implicado no grupo. Así mesmo, levaranse a cabo reunións interniveis co titor/a que atendeu ao grupo de alumnos o ano anterior para proporcionar información considerada relevante ao novo titor/a. Mediante esta avaliación, o titor/a detectará as posibles Necesidades Específicas de Apoio educativo. Se existen estas, comunicarao á xefatura do Departamento de Orientación (DO).

No caso de ser necesaria a intervención do DO, levarase a cabo o protocolo de demanda de valoración psicopedagóxica (en calquera momento do curso), mediante o cal o profesorado titor ou mesmo a familia, pode realizar unha demanda de intervención por escrito que se concretará no cuestionario a tal



efecto, que figura no Anexo I. A avaliación psicopedagóxica dunha alumna ou dun alumno escolarizados iniciárase a partir do correspondente protocolo de demanda.

Procede realizar unha demanda de valoración psicopedagóxica cando:

- Exista algún tipo de discapacidade, trastorno ou circunstancia que afecte o desenvolvemento xeral do alumnado, así como a súa aprendizaxe; igualmente, se existen indicios de altas capacidades intelectuais.
- Os resultados da avaliación inicial deban complementarse con esa avaliación.
- Prevese a necesidade dalgunha medida extraordinaria de atención á diversidade que require, previamente, esa avaliación.

Deste xeito, para que un alumno ou alumna poida recibir apoio das mestras especialistas de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe (sendo estas medidas extraordinarias), será preciso ter realizada unha valoración psicopedagóxica e ter determinado no informe que así o precisa.

As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado deberán ser informadas das dificultades presentadas e da necesidade de realizar a avaliación psicopedagóxica. A tal efecto, deben asinar o documento que figura no Anexo II. Logo da avaliación, deben ser informadas da súa finalidade, dos resultados e das posibles orientacións ou propostas de actuación.

A avaliación psicopedagóxica estará encamiñada a articular as medidas pedagóxicas oportunas. Resultado da mesma será o informe psicopedagóxico, no que, entre outras, se recollerán as medidas de atención para dito alumno/a, así como se establecerán as necesidades específicas de apoio educativo e os recursos e medidas de carácter ordinario e extraordinario se fosen precisas. De xeito xeral, non se adoptarán medidas extraordinarias ata que estean esgotadas as ordinarias, aínda que se valorará a pertinencia de intervención en cada caso.

A xefatura do departamento de orientación informará o profesorado titor, a alumna ou o alumno, e a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais dos



resultados e das conclusións da avaliación psicopedagóxica realizada, así como da proposta educativa que se derive desta.

No caso de que as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado demanden copia do informe psicopedagóxico deberán solicitalo por escrito á dirección do centro docente. O centro docente facilitaralles copia do informe solicitado; esa entrega consignarase no rexistro oficial de saída do centro e deixarase constancia escrita da recepción por parte da persoa solicitante, no expediente da alumna ou do alumno.

Os informes psicopedagóxicos teñen carácter confidencial, polo que levarán esa indicación en todas as páxinas. O orixinal ou unha copia auténtica arquivaranse no expediente escolar da alumna ou do alumno.

As persoas que, por razón do seu cargo ou función, teñan coñecemento do contido do informe psicopedagóxico están obrigadas a gardar o correspondente sixilo, conforme o establecido no artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como no disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

4.2. Aplicación de medidas de Atención á Diversidade

Tal e como se dixo con anterioridade, para que un alumno sexa obxecto de medidas de atención á diversidade, tanto ordinarias como extraordinarias, será preciso ter realizada una valoración psicopedagóxica previa e un informe no que conste que así se precisa.

Así pois, contará con prioridade na asignación de recursos persoais, aquel alumnado que conte cun diagnóstico clínico dun servizo público de saúde, e teranse en conta o nivel de limitantes que son as súas necesidades na dinámica da escola.



4.2.1. Protocolos Educativos

Antes de implementar calquera outra medida de atención á diversidade, aplicaranse de xeito exhaustivo os protocolos educativos que guían a nosa intervención, aos cales facemos unha breve reseña pero que deben ser consultados na súa totalidade para realizar una correcta intervención.

-Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e outras dificultades específicas de aprendizaxe.

Segundo o protocolo, colocarse ao alumno de xeito que sexa quen de percibir a maior cantidade de información. Promoverase a creación dos grupos de xeito equitativo e empregaranse apoios visuais que permitan integrar os contidos novos nos coñecementos previos. Proporcionaranse instrucións, tanto orais coma escritas, claras e secuenciadas. Permitirase o emprego de tecnoloxías da información e promoverase o emprego da axenda, comprobando que anotou ben a información. Adaptaranse os libros de lectura ao seu nivel lector e faranse sempre observacións positivas acerca do traballo do alumno.

Adaptarase o xeito de avaliar ao alumado, na forma, non no contido, con probas orais, exames con preguntas de resposta curta ou tipo test. Asegurarase de que entenden o que se lles demanda.

-Protocolo de tratamento educativo ao alumnado co Trastorno do Espectro Autista.

Segundo o protocolo de tratamento educativo do alumnado con TEA da Xunta de Galicia, adaptamos a metodoloxía da que se bota man durante o proceso de ensino – aprendizaxe deste alumnado.



Polo tanto, establécense rutinas na xornada indicadas con elementos visuais para que o alumno/a saiba en todo momento que se vai facer; úsase unha comunicación clara e, se é preciso, apoiada por sistemas aumentativos de comunicación; bótase man da titoría entre iguais; o espazo está distribuído en diferentes zonas delimitadas claramente e indicando en cada unha delas o traballo que se realiza na mesma, a sesión e a dinámica da aula estará estruturada e realizaranse actividades cunha finalidade clara, emprego da metodoloxía TEACCH, adaptacións metodolóxicas nos exames reducindo a carga de información verbal e optando por modelos de avaliación alternativos se fose preciso (tipo test, resposta curta,...).

-Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.

Considérase que o alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa, e, ao remate, deberá recollelos e gardalos. Negociaranse co alumnado unhas cantas normas de funcionamento (non moitas) e as consecuencias do seu cumprimento e incumprimento. Manterase un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles.

Alternaranse actividades teóricas con traballo práctico e antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado. Utilizaranse estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización e segmentaranse as actividades longas. Utilizaranse reforzos e apoios visuais na instrución oral, combinando actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.

Utilizaranse diferentes formas e instrumentos de avaliación. Os exames escritos serán curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo. Complementaranse os exames escritos de forma oral,



cando se observe que están incompletos. Alternarase a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías). Deixarase máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso se poden dividir en dúas sesións, e serase flexible na súa duración.

-Protocolo para a atención educativa ao alumnado coa Síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual.

Transmitirase a información mediante frases curtas, de forma clara, con boa pronuncia e asegurándonos de que nos está prestando atención. Verificarase sempre que o/a alumno/a entendeu a información que se lle transmitiu. As tarefas presentaranse secuenciando a información paso a paso, fragmentadas e graduadas segundo a dificultade para unha mellor consolidación da aprendizaxe. É preciso adaptarse ao seu ritmo de traballo, deixándolle máis tempo, se fose necesario, para acabar a actividade e, pouco a pouco, ir pedíndolle maior velocidade nas súas realizacións. É recomendable proporcionarlle pautas de actuación, estratexias, formas de actuar, instrucións concretas, en lugar de normas xerais de carácter abstracto. Empregarase máis a axuda directa e demostracións (por medio do modelado e a imitación) ca longas explicacións. Adaptarase a duración das actividades a súa capacidade de atención. Polo xeral, é mellor planificar moitas actividades curtas que poucas de longa duración. Evitaranse tarefas repetitivas que supoñan a perda de interese e a posible aparición de condutas inapropiadas e que poidan ser interpretadas de forma errónea. Os contidos de aprendizaxe presentaranse mediante distintas modalidades sensoriais, con imaxes, gráficos, debuxos, pictogramas ou esquemas, cando sexa viable e/ou necesario, e tendo en conta que a información interiorízana mellor empregando varias vías de acceso: a través da vista, do oído, do tacto e mesmo manipulando obxectos reais sempre



que se poida. Primarase a valoración do esforzo máis ca o resultado do traballo realizado, para mellorar a autoestima do alumno ou alumna e a súa motivación.

Non se lles proporcionará axuda naquilo que poidan facer por si mesmos, evitando a sobreprotección. Fomentarase a responsabilidade e autonomía no desenvolvemento das tarefas.

Promoveranse as aprendizaxes prácticas, útiles, funcionais, aplicables de maneira inmediata ou próxima na súa vida cotiá,. Empregaranse actividades de deseño universal sobre situacións da súa vida real, nas que poida participar activamente e partindo sempre do coñecido.

Pode ser conveniente aplicar programas específicos de autonomía persoal, habilidades prosociais e educación emocional.. Cómpre coidar a adquisición da lectoescritura, priorizando a funcionalidade, utilizando metodoloxías que apoiem a comprensión e a asociación da palabra co seu significado (métodos globais, enfoques contrutivistas, etc.), pois é necesario adaptarse ao seu estilo e ritmo de aprendizaxe. Introduciranse as TIC (teclados ou calquera outro soporte) cando hai especiais dificultades na motricidade fina, de maneira que non se free o avance nos contidos a pesar de non estar adquiridas as habilidades na lectoescritura. Non condicionar o proceso de adquisición da lectura e a escritura ao desenvolvemento de destrezas previas, especialmente motrices, pois non todas son imprescindibles para a adquisición dunha lectoescritura funcional. Para iniciar a adquisición da lectoescritura, non debería ser un impedimento a dificultade no eido da linguaxe e a comunicación, pois en moitas ocasións, iniciarse neste proceso, supón unha mellora considerable. No deseño de actividades contemplaranse os criterios de lectura fácil, ofrecer preguntas con alternativa de resposta, propoñer tarefas de relacionar, sinalar, clasificar...

Naqueles casos nos que estas adaptacións non sexan suficientes, a lexislación prevé medidas extraordinarias entre as que se atopa a adaptación curricular, pola que adapta o currículo prescritivo á realidade dun determinado alumno ou alumna con necesidades educativas especiais.



-Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.

Procurar ter sempre unha sonoridade e iluminación o máis adecuada posible, tendo en conta que a luz natural débelle dar de costas ao alumnado para ver á persoa que fala. Buscar a localización idónea do alumnado con respecto ao seu profesor ou á profesora e aos seus compañeiros ou compañeiras de xeito que vexa ben o profesorado e os compañeiros e compañeiras, para que poida decatarse do que din e participar da conversa. Pode ser necesario, por tanto, repensar a distribución da aula. Falar de fronte e cunha articulación clara, nun ton que non sexa baixo e evitar facelo con rapidez ou demasiado lento ou sobrearticulado. Enfatizar a entoación. Non obstaculizar a labiolectura.

Apoiarase o contido das explicacións ou dos relatos co maior apoio visual posible (láminas, viñetas, murais, libros, pizarras, medios audiovisuais...) e acompañarase a linguaxe oral con xestos naturais e corporais ou con medios visuais de apoio á comunicación oral: soportes visuais, emisoras FM, bimodal....). Escribir no encerado as palabras máis específicas ou de uso pouco habitual que se van a utilizar na explicación e escribir un esquema desta para que o alumnado a siga mellor concretas sobre este. Dirixirse ao alumnado para repetir ou transmitir determinadas instrucións ou explicacións individuais, especialmente cando se comproba que non entendeu correctamente.

Facilitar a participación activa en actividades en pequeno grupo, en currunchos de traballo, nos que se poden desenvolver actividades de acción ou de atención conxunta. Promover unha maior potenciación do recuncho da lectura, o que contribuirá e facilitará o acceso á lectoescritura. Antes de iniciar unha nova aprendizaxe é aconsellable poñer ao alumno ou á alumna en situación, para iso recoméndase:



- Utilizar vídeos, imaxes e outros materiais visuais.
- Realizar un maior número de demostracións ou actividades para que comprenda con máis facilidade.
- Graduar en pasos máis curtos ou darlle máis axudas en aquelas actividades que resulten máis complexas para os alumnos e as alumnas.
- Relacionar os contidos das diferentes áreas do currículo para favorecer a comprensión, organización dos contidos e a aplicación destes.

-Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.

Potenciar o diálogo e a comunicación, dedicando tempo na aula á reflexión oral -grupal e individual-, a facer preguntas, a formular hipóteses, etc, nun ambiente de respecto e colaboración, considerando o erro como parte esencial da aprendizaxe e xerando confianza para expoñer os pensamentos e opinións, dada a diverxencia no pensamento do alumnado con altas capacidades intelectuais.

Fomente un bo clima de aula, consensuando normas e pautas de comportamento, empregando estratexias de cohesión de grupo e de resolución pacífica de conflitos. Promova habilidades de intelixencia emocional para afrontar situacións que esixan a identificación, expresión e xestión das emocións, así como aquelas outras que requiran empatía, comunicación e comprensión das emocións das demais persoas. Potencie o seu rol como mediador, favorecendo que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe. Compaxine actividades propostas polo equipo docente con outras de libre elección do alumnado, apoiando a adquisición de estratexias de procura de información e de formulación de preguntas. Posibilite o acceso do alumnado a múltiples materiais e fontes de información para que afonden, de xeito autónomo, nos temas do seu interese, e que lle ensine a planificar o seu traballo. Impulse proxectos que potencien a creatividade e induza situacións de



aprendizaxe nas que o alumnado poida enfrontarse a problemas aplicando orixinalidade, fluidez e flexibilidade, e logrando múltiples solucións. Reforce a creatividade, o pensamento diverxente e a iniciativa emprendedora, valorando positivamente o seu esforzo e recoñecéndoo expresamente. Facilite experiencias que favorezan a abordaxe de retos intelectuais complexos. Promova a motivación intrínseca con aprendizaxes prácticas, útiles, funcionais e con impacto real no seu contorno. Ofrezca posibilidades de éxito ao alumnado en base ao desenvolvemento das súas potencialidades.

- Protocolo escolar para a prevención e control do absentismo.

Promoveranse actuacións que faciliten o achegamento ao centro das familias e do alumnado en risco de exclusión. Ofertaranse medidas e recursos que favorezan o desenvolvemento educativo do alumnado e que compensen as carencias ou dificultades que poida presentar, especialmente no que ten que ver coas medidas de reforzo e apoio, coa adaptación dos materiais e cun currículo personalizado. Asesorarase o conxunto da comunidade educativa sobre a importancia da educación na vida dunha persoa e informar da obrigatoriedade desa educación nas etapas obrigatorias. Realizaranse campañas informativas e de sensibilización sobre as causas e as consecuencias do absentismo escolar, especialmente naquelas zonas ou con aqueles colectivos de maior risco. Desenvolverase nas aulas metodoloxías promotoras da inclusión, dentro dos principios de colaboración entre os distintos profesionais. Farase uso das tecnoloxías da información e da comunicación para un contacto fluído entre o centro e as familias e para a comunicación inmediata das posibles incidencias. Facilitarase a presenza das familias no propio centro, promovendo, de ser o caso, escolas de nais e pais do alumnado. Impulsarase a colaboración con outros organismos e institucións que participan na atención, educación e desenvolvemento das e dos menores. Promoverase a colaboración de entidades privadas sen ánimo de lucro que



teñen entre os seus fins actuacións de apoio social, familiar e educativo, e que poden ter grande influencia nas actitudes de familias e alumnado.

Cando o profesorado titor verifique que unha alumna ou un alumno presenta un número de faltas de asistencia a clase sen xustificar superior ao dez por cento (10 %) do horario lectivo dun determinado mes proporá, co visto e prace da dirección do centro educativo, o inicio dun expediente de absentismo e comunicará a situación á xefatura de estudos.

4.2.2. Medidas de Atención á Diversidade

Cando non abundan as instrucións e guía psicoeducativa que nos facilitan os protocolos, ou cando estamos ante un caso distinto aos contemplados nos mesmos, debemos propoñer outro tipo de medidas no informe psicopedagóxico que nos permita subsanar as dificultades detectadas na valoración psicopedagóxica. Tal e como se recolle no Decreto 22972011 e na Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, pódense contemplar medidas ordinarias e/ou extraordinarias.

De xeito xeral, empregaranse primeiro as medidas ordinarias fronte ás extraordinarias, excepto que a valoración psicopedagóxica determine que procede facer o contrario.

4.2.2.1. Medidas Ordinarias

As medidas ordinarias iranse executando pola orde que segue, comezando polas máis xerais e camiñando cara as máis específicas. Deixamos un breve resumo co fin de que se amplíe esta información consultando, se fose preciso, a Orde do 8 de setembro de 2021:

-Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.



-Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.

-Metodoloxías variadas que promovan a inclusión. Aquí cómpre lembrar que non existen metodoloxías boas nin malas. Atendendo ao Deseño Universal de Aprendizaxe, debemos modificar a metodoloxía que empregamos en función das necesidades do alumnado, prestando especial atención a aquel que conta cunha valoración psicopedagóxica e cunha detección de necesidades clara. A metodoloxía do aula deberá priorizar estas dificultades e empregar a metodoloxía que mellor se adapte a este alumno ou alumna.

-Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.

-Aulas de atención educativa e convivencia: empregaranse como último recurso, cando non se poidan corrixir e traballar as condutas na aula, cando se produza de xeito moi reiterado ou cando non se contempla unha alternativa mellor.

- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

O Reforzo Educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, realizarase baixo as instrucións do Departamento de Orientación e de xeito sistemático en todos os cursos académicos para o alumnado con NEAE. O apoio dentro de aula é fundamental para que o alumnado con certas dificultades na adquisición das aprendizaxes, poida seguir a dinámica de aula. As familias ou titores legais deben ser informadas de que se está aplicando a medida de Reforzo Educativo e asinar, a tal efecto, o documento que aparece no Anexo III.

-Programas de enriquecemento curricular

Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifieste o devandito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.



-Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

-Programas de habilidades e competencias sociais. Ao abeiro do programa Educación Responsable (do que seremos centro graduado), desenvolveranse programas de habilidades e competencias sociais para a totalidade do alumnado, nos que se promova a adquisición das competencias sociais e cognitivas necesarias para favorecer a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e a interacción satisfactoria con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e dos sentimentos, e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia.

Moitas das medidas que se relataron, están relacionadas coas **adaptacións de acceso ao currículo**, que non modifican os contidos, pero si o xeito de presentalos e avalialos.

Estas adaptacións de acceso serán as que se prioricen sempre dende o noso centro educativo, respectando sempre os dereitos das persoas con diversidade funcional.

4.2.2.2. Medidas extraordinarias

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións



significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

-Adaptacións curriculares

Van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagóxico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a máis idónea para atender as necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

Realizaranse seguindo o establecido na Orde do 8 de setembro de 2022.

-Agrupamentos flexibles

Os agrupamentos flexibles, ou grupos flexibles, consisten en agrupamentos temporais de alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias, nas que necesita unha atención máis individualizada, e ao que a oferta de medidas ordinarias de atención á diversidade non lle abonda para seguir con éxito os procesos de ensino e de aprendizaxe. Estes agrupamentos só poderán realizarse nos dous derradeiros cursos da educación primaria. Autoriza inspección educativa.

-Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e educación primaria.

Enténdese por flexibilización da duración do período de escolarización a redución ou a ampliación da permanencia nunha determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais. A acreditación das altas



capacidades intelectuais ou das necesidades educativas especiais corresponde aos servizos de orientación.

Por ampliación da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións:

a) Na etapa de educación infantil: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo.

b) Na etapa de educación primaria: Ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa. Unha segunda ampliación extraordinaria dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais escolarizado a tempo completo nunha unidade de educación especial ou nun centro de educación especial, non podendo permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar

-Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente

Para o alumnado que non poida asistir con regularidade por un período prolongado ao centro docente no que estea escolarizado, por prescripción médica, doenza, vulnerabilidade propia ou convivintes vulnerables como



consecuencia dunha emerxencia sanitaria, por lesión ou por permanecer ingresado nun centro hospitalario a tempo completo ou en hospitalización de día, establécense, para lle dar continuidade ao seu proceso formativo, as medidas específicas seguintes:

- Atención educativa domiciliaria: será destinatario de atención educativa domiciliaria o alumnado escolarizado en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalescente no domicilio por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha doenza crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.
- Atención educativa hospitalaria: será destinatario de atención educativa hospitalaria o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalgunha das seguintes situacións:
 - a) Longa hospitalización: máis de trinta días.
 - b) Media hospitalización: entre quince e trinta días.
 - c) Curta hospitalización: menos de quince días

O alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

- Atención virtual: será destinatario desta atención educativa virtual o alumnado vulnerable e o alumnado que por ter familiares coniventes vulnerables non acuda ao centro docente como consecuencia dunha emerxencia sanitaria e para o que as comisións provinciais de



seguimento, creadas para tal efecto, determinen como xustificada a súa ausencia

-Atención educativa ao alumnado sometido a medidas de protección e tutela.

O alumnado en situación de tutela, garda ou acollemento debe contar coas medidas de protección que garantan a súa escolarización e o seu desenvolvemento integral. Ese alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. No deseño de actividades teranse en conta as que promovan a participación e o autoconhecimento, así como as que melloren a autoestima dese alumnado, aspectos necesarios para a súa inclusión.

-Atención educativa ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.

Considérase alumnado afectado por medidas de violencia de xénero aquel que o acredite nos termos que se establecen no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo. Terase en conta:

- a) A súa consideración como alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.
- b) A súa escolarización nos casos de cambio de centro docente.
- c) A continuidade do seu proceso educativo, adoptando as medidas de atención á diversidade que proceda, así como o coidado de todos os aspectos que favorecen o seu desenvolvemento persoal e social.

-Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes



Enténdese por alumnado pertencente a familias itinerantes aquel que, por razón socioeconómicas da súa nai, do seu pai ou das persoas titoras legais, non pode asistir de xeito continuado ao mesmo centro docente, por ter que desprazarse entre diferentes localidades ao longo do curso escolar. Ese alumnado será considerado, para todos os efectos, alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar.

-Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro

O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun grupo de adquisición das linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

5. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.

O profesorado titor, así coma os especialistas, adecuarán a estrutura das sesións, as dinámicas de aula, a metodoloxía e a forma de avaliar, ás características do alumnado segundo o que ditamine o informe psicopedagóxico elaborado polo Departamento de Orientación e o protocolo educativo pertinente, se fose o caso.

O Reforzo Educativo dentro de aula será realizado polo profesorado titor, por profesorado con dispoñibilidade horaria e polo persoal do Departamento de Orientación, este último máis centrado no alumnado con NEE ou NEAE.



O profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará, a final de curso, un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo que figura no Anexo IV.

Será o Departamento de Orientación quen decida, baseándose no informe psicopedagóxico, que medidas de atención á diversidade se deben aplicar, oíndo ao profesorado titor e aos especialistas que interveñen no proceso de Ensino-Aprendizaxe.

A intervención específica da mestra de Pedagogía Terapéutica realizarase, se é posible, dentro de aula ordinaria. Cando sexa considerado no seu informe que lle beneficia polas súas características realizar un traballo específico na aula de Pedagogía Terapéutica, realizarase deste outro xeito.

A mestra de Audición e Linguaxe levará a cabo unha intervención específica na aula de AL, sempre e cando a problemática a traballar estea relacionada con dificultades na emisión ou articulación. Cando se trate dunha dificultade discursiva en contexto social, será traballado en aula ordinaria a través de dinámicas grupais.

A mestra de PT e a mestra de AL realizarán, ao final de curso, un informe que recolla as actuacións realizadas e a evolución do alumno/alumna, segundo o modelo que se recolle no Anexo V.

O plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso, será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso. Este elaborárase de acordo ao modelo que figura no Anexo VI.

A continuación, avánzase un cadro-resumo cos responsables de cada unha das medidas de atención á diversidade.



5.1. Medidas ordinarias

Elaboración dos grupos:

Responsables	Temporalización	Recursos
<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • DO (asesora) 	<ul style="list-style-type: none"> • Xullo 	<ul style="list-style-type: none"> • Informes sesións avaliación

Reforzo Educativo:

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Profesor/titor • Profesorado con dispoñibilidade horaria • DO (asesora) 	<ul style="list-style-type: none"> • En calquera momento do curso 	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación aos pais • Rexistro no XADE

Programas de enriquecemento curricular:

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo (supervisa e executa) • DO (asesora) • Profesor/Titor (elabora) 	<ul style="list-style-type: none"> • En calquera momento do curso 	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación aos pais • Rexistro no XADE



Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso:

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado de áreas • Asesora Departamento de Orientación 	<ul style="list-style-type: none"> • A principio do curso • Seguimento ao longo do mesmo 	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación aos pais • Reflectirase nas programacións

Programas de habilidades e competencias sociais

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Departamento de Orientación • CCP 	<ul style="list-style-type: none"> • A principios de curso 	<ul style="list-style-type: none"> • Programas nos recreos • Incluír no PAT • Programa de intervención específico individualizado • Coordinación cos axentes externos implicados

Adaptacións de acceso ao currículo:

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Departamento de Orientación asesora • Profesorado de área 	<ul style="list-style-type: none"> • Ao longo do curso académico 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións de método • Adecuación das programacións



5.2. Medidas extraordinarias

-Adaptacións curriculares:

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Equipo docente (propón) • Departamento de Orientación (decide en función da valoración psicopedagóxica, sen carácter vinculante para o equipo docente) • Profesor materia (elabora) 	<ul style="list-style-type: none"> • Ao comezo de curso, antes do 30 de novembro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación aos pais • Rexistro no XADE • Refléxase no boletín de notas como AC

-Intervención de PT e AL:

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Equipo docente (propón) • DO decide logo da valoración psicopedagóxica • Profesor/Titor (seguimento) • PT/AL (implementa) 	<ul style="list-style-type: none"> • En calquera momento do curso 	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación aos pais • Elaboración dun programa de intervención. • Seguimento pola titoría e polo DO



-Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e educación primaria.

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Profesor/Titor (propón) • DO (asesora) • Equipo directivo (tramita) • EOE (asesora) • Inspección (informa) • DX (aproba) 	<ul style="list-style-type: none"> • Ao remate do curso 	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación aos pais • Autorización da Dirección Xeral

- Agrupamentos flexibles

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Profesor/Titor (propón) • DO (decide) • Inspección (autoriza) 	<ul style="list-style-type: none"> • Ao remate do curso 	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación aos pais

-Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente:

- Atención educativa domiciliaria e hospitalaria

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Solicita familia • Equipo directivo (informa da dispoñibilidade de 	<ul style="list-style-type: none"> • Ao longo do curso 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración de plan de coordinación coas familias



<p>profesorado)</p> <ul style="list-style-type: none"> • DO (informa das características do alumnado e do seu proceso de aprendizaxe; asesora na elaboración do programa individualizado,...) • Profesorado titor propón as actividades e coordínase co profesor de atención domiciliaria ou coa familia, no caso de ser atención virtual. 		
--	--	--

-Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro

- Grupo de Adquisición de Linguas e Grupo de Adquisición da Competencia Curricular.

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Equipo directivo • DO (asesora) • Profesor/Titor • Profesorado con 	<ul style="list-style-type: none"> • En calquera momento do curso 	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación aos pais • Definición do tempo e carga horaria



dispoñibilidade horaria		
----------------------------	--	--

-Modalidade de escolarización combinada

Responsables	Temporalización	Accións
<ul style="list-style-type: none"> • Profesor/Titor (propón) • DO (asesora) • Equipo directivo (tramita) • EOE (asesora) • Inspección (informa) • XT (aproba) 	<ul style="list-style-type: none"> • Ao remate do curso 	<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación aos pais • Seguimento trimestral • Coordinación co centro de EE • Autorización da Xefatura Territorial

6. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

6.1. Reunións no centro

a) Departamento de orientación

Segundo o Decreto 120/1998, do 23 de abril, e a Orde do 24 de xullo de 1998, que regulan a orientación en Galicia, o Departamento de Orientación reúnese unha vez ao mes, sen prexuízo de levar a cabo outras reunións cando sexa preciso.



Ademais, a xefa do DO e as mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e en Audición e Linguaxe reúnense unha vez á semana para facer un seguimento continuado do alumnado con NEAE e/ou NEE atendido, para así modificar a resposta ao mesmo se é necesario e coordinar as actuacións levadas a cabo co mesmo.

b) Reunión inicial entre titorías saíntes e entrantes

A comezo de curso, o titor ou titora saínte dun grupo reunirase co que vaia a titorizar o grupo no presente curso, para así intercambiar información acerca do alumnado. No caso de existir alumnado escolarizado nese grupo con NEAE ou NEE, na reunión estará presente tamén o Departamento de Orientación.

No caso de cambio de centro, a final de curso a persoa responsable da titoría deixará un pequeno informe coas características de cada alumno ou alumna e aspectos a ter en conta no vindeiro curso académico.

c) Avaliación inicial

A principios de curso lévanse a cabo as reunións interniveis, nas cales está presente o titor/a no presente curso académico, o titor/a que atendeu a ese grupo de alumnos/as o ano anterior, e a orientadora, co fin de recadar información sobre o alumnado que poida ser de utilidade á hora de realizar a avaliación inicial.

d) Sesións de avaliación

Unha vez por trimestre, antes do remate do mesmo, lévanse a cabo as sesións de avaliación, na cal está presente o equipo docente que atende ao alumnado



dun determinado curso, incluíndo as mestras especialistas en PT e AL, se é o caso, e a orientadora.

e) CCP

A CCP reúnese unha vez ao mes, tal como se contempla no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e na Orde do 22 de xullo de 1997, que establecen o regulamento orgánico dos centros.

6.2. Reunións cos centros adscritos

Establécense reunións trimestrais entre a orientadora do CEIP do Foxo e a do IES Nº 1 da Estrada, ao cal o centro está adscrito.

A finais do mes de maio ou principios de xuño lévase a cabo no IES unha xornada de portas abertas para que o alumnado, xunto co profesorado titor e a orientadora, vaia coñecer o centro e o seu funcionamento, indicándolle como enfrontarse ao cambio de etapa, que cambios van atopar con respecto á etapa de primaria,... Así mesmo, tamén se ofrece dende dito IES unha xornada na cal os pais do novo alumnado acode ao mesmo para obter información relevante sobre o cambio da etapa dos seus fillos e fillas.

6.3. Reunións cos centros onde exista alumnado en escolarización combinada.

No caso de que teñamos alumnado en escolarización combinada será necesario manter reunións periódicas co centro de educación especial ao que asista cando non está no noso centro, reunións que terán a periodicidade suficiente para que a coordinación sexa axeitada e a atención a este alumnado sexa coherente entre os dous centros.



Ademais destas reunións, co mesmo fin faise necesaria unha continua comunicación con dito centro, tanto telefónica como por correo electrónico ou os medios que se precisen.

6.4. Reunións cos profesionais encargados de realizar a atención educativa domiciliaria.

Para que a atención domiciliaria ou hospitalaria sexa axeitada e coherente co proceso formativo que se está levando a cabo no centro é fundamental manter constante comunicación cos profesionais que atenden ao alumnado destinatario desta atención. Polo tanto, as reunións do profesorado do centro con aqueles serán periódicas e a comunicación constante, co fin de establecer uns criterios comúns no traballo destes profesionais para que o alumno/a vaia seguindo, na medida das súas posibilidades, o proceso de ensino – aprendizaxe con éxito.

7. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.

As canles de colaboración coas familias ou titores legais danse mediante reunións coas familias e comunicacións.

7.1. Reunións e/ou entrevistas telefónicas:

No principio de curso farase unha reunión xeral con todos os pais/nais dos alumnos á que asistirán todos os mestres que lle imparten docencia ao alumnado.



Recoméndase unha entrevista co titor/a alomenos unha vez ao trimestre, dependendo da problemática que presente o alumno.

Caso especial é o alumnado de 4º de EI. Durante o mes de maio do ano no que empezan ao Colexio fanse unhas xornadas de convivencia entre os nenos que cursan Educación Infantil e eses novos alumnos, acompañados polas súas familias. Durante o mes de xuño convócase aos pais dos novos alumnos a unha reunión cos profesores que forman o Equipo de Ciclo de Educación Infantil para explicarlles a organización do Centro e, concretamente, do Ciclo educativo onde se van matricular. Nesta reunión entrégase un Boletín Informativo Específico de Educación Infantil. Unha vez iniciado o curso e durante o primeiro mes, todos os mércores de 17.15 a 18.15, quedan establecidas reunións de tutoría.

7.2. Boletín informativo:

No comezo de curso elabórase un tríptico informativo dirixido ás familias dos alumnos, nel infórmase dos seguintes aspectos:

- Calendario escolar (actividades lectivas, vacacións).
- Organigrama do Centro (equipo directivo, titores, especialistas).
- Equipos de Dinamización (Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Biblioteca, Equipo de Tecnoloxías da Información e a Comunicación, Equipo de Dinamización da Convivencia).
- Titores/as.
- Faltas de asistencia.
- Outros servizos (Orientación Educativa, Biblioteca).
- Proxectos que desenvolve o Centro.
- Como axudar ao seu fillo/a nos estudos.
- Como axudar aos nenos e nenas de Educación Infantil na estimulación da linguaxe oral.



- Como afrontar o período de adaptación.
- Material escolar.

7.3. Boletín de cualificación:

Os boletíns de cualificación son unha fonte de información da evolución das aprendizaxes do alumno/a. Entréganse trimestralmente. Neles, aparte de constar as notas acadadas polos alumnos, rexístrase unha información individual que consta nas observacións.

7.4. Abalar

A través desta aplicación poderanse intercambiar mensaxes e consultar información do alumnado dende o teléfono móbil, dende calquera lugar e dun xeito cómodo e rápido.

8. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias

8.1. Adaptación Curricular

- Realización dunha valoración psicopedagóxica e posterior informe psicopedagóxico. Neste informe debe constar o nivel de competencia curricular achegado polo profesorado das áreas ou das materias susceptibles de adaptación.
- Convocatoria e coordinación, por parte da xefatura de estudos, dunha reunión á que deben asistir o equipo docente da alumna ou do alumno e a xefatura do departamento de orientación. Decidirase a pertinencia ou non de realizar a adaptación do currículo.



- Elaboración da proposta de adaptación de cada área ou materia por parte do profesorado, segundo o modelo que figura no Anexo VI.
- A xefatura do departamento de orientación conformará o expediente da adaptación, que se axustará ao modelo que figura no Anexo VII e xuntaráselle copia da acta da reunión na que se decidiu realizar a adaptación curricular.
- A dirección do centro docente enviará o expediente da adaptación curricular ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, seguindo o modelo do Anexo VIII.
- A solicitude da dirección do centro docente farase antes da finalización do mes de novembro, agás no caso das adaptacións curriculares que forman parte dos expedientes de flexibilización da duración do período de escolarización.
- Formarán parte do expediente da alumna ou do alumno unha copia da adaptación curricular e a súa autorización polo Servizo Territorial de Inspección Educativa.
- A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizarase conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular, sen que isto poida impedirilles a promoción ou titulación.
- A información das avaliacións que se facilite ás familias incluírá as cualificacións obtidas nas áreas ou nas materias adaptadas, nesta información incluírase tamén unha valoración cualitativa do progreso da alumna ou do alumno.



- A duración das adaptacións do currículo poderá ser dun ciclo.
- Calquera modificación que se realice referida aos elementos prescritivos do currículo da adaptación curricular autorizada requirirá unha nova autorización por parte do Servizo Territorial de Inspección Educativa.
- As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado teñen dereito a que se lles facilite unha copia da adaptación curricular autorizada

8.2. Agrupamentos flexibles

-Convocatoria dunha reunión, por parte da xefatura de estudos, logo da avaliación final ordinaria e, de ser o caso, da extraordinaria, á que asistirán a xefatura do departamento de orientación e o profesorado titor do nivel educativo, para analizar a situación do alumnado con dificultades nas áreas ou nas materias que poderían ser obxecto de agrupamento flexible.

-O alumnado proposto non poderá contar no mesmo curso académico con adaptación curricular na área ou na materia en que se propón o agrupamento.

-Elaboración dun informe do profesorado titor sobre o alumnado que podería beneficiarse dese agrupamento.

-Elaboración dun informe da xefatura do departamento de orientación sobre as circunstancias do alumnado proposto para o agrupamento.

-Información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais sobre a medida e a súa conformidade expresa.

-Durante o mes de setembro, a dirección do centro docente solicitará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa a autorización do agrupamento flexible, incluíndo a seguinte información:



- a) As áreas ou as materias que se impartirán no agrupamento flexible, así como as programacións adaptadas de cada unha delas, considerando as competencias que o alumnado non ten adquiridas e se consideran necesarias para acadar as aprendizaxes requiridas no curso de referencia.
- b) A relación do alumnado seleccionado, con indicación dos criterios de selección e das medidas ordinarias aplicadas a cada alumna ou alumno.
- c) O horario semanal en que este alumnado permanecerá no agrupamento flexible.
- d) A relación de profesorado que se encargará da docencia no agrupamento flexible.
- e) O procedemento de coordinación entre o profesorado do agrupamento flexible e o profesorado da área ou da materia do grupo ordinario, de ser o caso.
- f) A conformidade expresa das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado afectado

-A autorización dos agrupamentos flexibles compete ao Servizo Territorial de Inspección Educativa

-No caso de alumnado de nova incorporación ao centro docente, a decisión adoptárase tendo en conta a información achegada polo departamento de orientación do centro de procedencia, ou, de ser o caso, logo de realizada a avaliación inicial.

-A avaliación e a cualificación do alumnado dun agrupamento flexible corresponderalle ao profesorado que imparta a área ou a materia no devandito agrupamento.



-Ao remate do curso escolar, o profesorado titor do alumnado do agrupamento flexible, coa colaboración da xefatura do departamento de orientación e do profesorado que imparte as áreas ou as materias do agrupamento, elaborará un informe individualizado de cada alumna ou alumno que participara nel, no que se indicará a efectividade da medida, así como a proposta sobre a continuidade, se procede.

-A participación dunha alumna ou dun alumno nun agrupamento flexible farase constar nos documentos oficiais de avaliación.

-Calquera modificación da configuración dos agrupamentos flexibles será comunicada pola dirección do centro ao Servizo Territorial de Inspección Educativa.

8.3. Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica

-Decídese logo de realizar unha valoración psicopedagóxica cando se estime a medida máis oportuna para atender a diversidade do alumnado.

-A familia deberá autorizar esta intervención asinando a autorización que figura no Anexo IX.

-O profesorado de PT e AL elaborará un Programa de Intervención para o traballo co alumnado, seguindo o modelo que figura no Anexo IV

-Ao finalizar o curso escolar, e tomando como fonte os informes de apoio de fin de curso de cada alumna ou alumno, o profesorado de apoio elaborará unha memoria, seguindo o modelo que figura no Anexo X, que entregará á xefatura do Departamento de Orientación para que inclúa como anexos na Memoria Anual do Departamento de Orientación.



8.4. Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e primaria.

a) Solicitude da dirección do centro docente á xefatura territorial que corresponda, achegando a seguinte documentación:

1º: Informe do profesorado titor, no que se xustifique a necesidade desta medida.

2º: Informe psicopedagóxico, no que conste, entre outros aspectos, a acreditación da alta capacidade intelectual da alumna ou do alumno e se especifiquen as medidas de atención á diversidade adoptadas.

3º: Conformidade expresa da nai, do pai ou das persoas titoras legais da alumna ou do alumno.

4º: Copia do historial académico ou do informe persoal. Na súa ausencia, certificación académica.

5º: Proposta de adaptación do currículo.

b) A documentación anterior, xunto co informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, será remitida pola Xefatura Territorial á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, a quen lle corresponde autorizar, de ser o caso, a flexibilización.

Os prazos para tramitar e resolver as solicitudes de flexibilización por redución do período de escolarización, son os que seguen:

a) O mes de marzo, para que as direccións dos centros docentes remitan ás xefaturas territoriais as solicitudes de flexibilización.

b) O mes de abril, para que as xefaturas territoriais dean traslado á Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional das solicitudes de flexibilización



da duración do período de escolarización, xunto coa correspondente documentación.

c) O mes de xuño, para que a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional adopte as resolucións que proceda e as comunique ás direccións dos centros docentes, debendo estas trasladalas ás persoas interesadas.

8.5. Atención educativa domiciliaria

Tomarase como referencia o Protocolo de Atención Educativa Domiciliaria, na que figuran uns anexos que se refiren aos seguintes pasos, que deben guiar a solicitude:

1º: Solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais do alumnado á dirección do centro docente, xunto co correspondente informe dos servizos sanitarios no que conste a conveniencia desta atención, así como, cando menos, a previsión aproximada do tempo no que a alumna ou o alumno deberán convalecer no domicilio e o tempo da revisión desa previsión.

2º: Informe da dirección do centro docente respecto da dispoñibilidade ou non de profesorado do propio centro para desenvolver esta atención educativa.

3º: Traslado á xefatura territorial correspondente dos documentos referidos nas dúas alíneas anteriores, por parte da dirección do centro docente e nun prazo máximo de cinco días desde a recepción da solicitude.

4º: A Xefatura Territorial, á vista dos documentos anteriores e logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, adoptará a resolución que proceda, nun prazo máximo cinco días.

Esa resolución, que non poderá exceder dun curso académico e concretará a máxima asignación horaria e a duración desta atención, comunicaráselle ao centro docente, quen informará a nai, o pai ou as persoas titoras legais da alumna ou do alumno.



Cando a situación de convalecencia da alumna ou do alumno se prolongue máis alá do curso académico, a continuidade da atención educativa domiciliaria requirirá unha nova solicitude e autorización

8.6. Grupo de adquisición de linguas e grupo de adaptación da competencia curricular.

Para constituír un grupo de adquisición das linguas será necesaria a solicitude da dirección do centro docente ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente, achegando a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo do profesorado titor.
- b) Relación do alumnado que conforma o grupo, con indicación da etapa e do curso.
- c) Relación do profesorado encargado da docencia do grupo.
- d) Acreditación da información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais.
- e) Especificación do período de tempo para o que se solicita o grupo, concretando o horario semanal e o tempo total para o que se propón.
- f) Programación ou plan de traballo para desenvolver no grupo de adquisición das linguas.

Compete ao Servizo Territorial de Inspección Educativa a autorización do grupo de adquisición das linguas.



ANEXOS



ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN



**SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
PARA EDUCACIÓN PRIMARIA**

DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

DATOS DA ALUMNA, ALUMNO

Nome e apelidos:

Nivel, etapa e curso académico:

Titora ou titor:

MOTIVO DA DEMANDA

- Persoa que solicita:
- Motivo da solicitude:

DATOS ESCOLARES DA/DO ALUMNA/ALUMNO

- Anos de permanencia en:
 - Escola infantil:
 - Educación Infantil:
 - Educación Primaria:
- Cursos repetidos:
- Recibe reforzo educativo? De que tipo? Nº de horas:
- Recibe apoio externo? Cal?:



- Existencia de informes de servizos externos (logopeda, neurólogo, pediatra,...):
- Participación nos xogos:
- Relación coa titora:
- Relación cos/as compañeiros/as:
- Integración no grupo:
- Participación, conduta e actitude na aula:

DATOS DO PROCESO DE ENSINO – APRENDIZAXE

- Rendemento académico nas diferentes materias (nivel de competencia curricular):
 - Lingua galega:
 - Lingua castelá:
 - Matemáticas:
 - Ciencias Naturais:
 - Ciencias Sociais:
 - Lingua estranxeira: inglés:
 - Educación Artística:



- Dificultades apreciadas:

- Estilo de aprendizaxe e ritmo de traballo:
 - Áreas, contidos e actividades nas que se atopa máis seguro/a:

 - Nivel de atención e concentración:

 - Estratexias que emprega para resolver as tarefas (imitación, copia, busca activa de axuda, planificación das tarefas, reflexión, impulsividade,...):

 - Grao de realización das tarefas (remátaas, comézaas e déixaas sen rematar, xa non as comeza...):

 - Tipo de materiais que prefire (manipulativo, informático, papel,...):

 - Agrupamentos que prefire (traballo en pequeno grupo, só/a, individualizado,...):

 - Reforzos que lle agradan máis (eloxios, materiais, sociais,...):

 - Accións desenvolvidas ante o problema:
 - Modificacións organizativas:



- Modificacións metodolóxicas:

- Modificacións de materiais e recursos:

- Reforzos e apoios prestados:

RELACIÓN FAMILIA – CENTRO

- Frecuencia coa que a familia establece contacto co centro:

- É consciente a familia das dificultades do/a neno/a?:

- Actitude da familia ante a situación escolar do/a alumno/a:

- A familia autoriza a realización dunha avaliación psicopedagóxica por parte do DO?

OUTRAS OBSERVACIÓNS

En.....a.....de.....de.....

Asdo.....



**SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
PARA EDUCACIÓN INFANTIL**

DEMANDA DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

DATOS DA/DO ALUMNA/ALUMNO

Nome e apelidos:

Nivel, etapa e curso académico:

Titor/a:

MOTIVO DA DEMANDA

- Persoa que solicita:
- Motivo da solicitude:

DATOS ESCOLARES DA/DO ALUMNA/ALUMNO

- Anos de permanencia en:
 - Escola infantil:
 - Educación Infantil:
- Recibe reforzo educativo? De que tipo? Nº de horas:
- Recibe apoio externo? Cal?:
- Existencia de informes de servizos externos (logopeda, neurólogo, pediatra,...):
- Participación nos xogos:
- Relación coa titora:



- Relación cos/as compañeiros/as:
- Integración no grupo:
- Participación, conduta e actitude na aula:

DATOS DO PROCESO DE ENSINO – APRENDIZAXE

- Rendemento académico:
- Linguaxe oral:
- Intención comunicativa:
- Psicomotricidade:
- Dificultades apreciadas:
- Estilo de aprendizaxe e ritmo de traballo:
 - Nivel de atención e concentración:
 - Estratexias que emprega para resolver as tarefas (imitación, copia, busca activa de axuda, planificación das tarefas, reflexión, impulsividade,...):



- Grao de realización das tarefas (remátaas, comézaas e déixaas sen rematar, xa non as comeza...):
- Tipo de materiais que prefire (manipulativo, informático, papel,...):
- Agrupamentos que prefire (traballo en pequeno grupo, só/a, individualizado,...):
- Reforzos que lle agradan máis (eloxios, materiais, sociais,...):
- Accións desenvolvidas ante o problema:

RELACIÓN FAMILIA - CENTRO

- Frecuencia coa que a familia establece contacto co centro:
- É consciente a familia das dificultades do/a neno/a?:
- Actitude da familia ante a situación escolar do/a alumno/a:
- A familia autoriza a realización dunha avaliación psicopedagóxica por parte do DO?

OUTRAS OBSERVACIÓNS

En.....a.....de.....de.....

Asdo.

.....



ANEXO II: INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS PARA A REALIZACIÓN DA VALORACIÓN PSICOPEDAGÓXICA



INFORMACIÓN PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

D./Da. _____
pai, nai do/a alumno/a _____,
escolarizado/a en ____ de Educación _____

Fun informado/a das dificultades de aprendizaxe que presenta o/a meu/miña fillo/a, polo que se estima necesario realizar unha avaliación psicopedagóxica, por parte do Departamento de Orientación, co fin de determinar as necesidades que presenta para así adecuar a elas as medidas de atención educativa encamiñadas á mellora do seu proceso de ensino – aprendizaxe.

O Foxo, _____ de _____ de 20__.

Asdo. Pai/nai ou titor/a legal



ANEXO III: INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS DA APLICACIÓN DA MEDIDA DE RE



INFORMACIÓN Á FAMILIA PARA A APLICACIÓN DA MEDIDA DE RE

D./Da. _____
pai, nai do/a alumno/a _____,
escolarizado/a en ____ de Educación _____

Fun informado/a das dificultades de aprendizaxe que presenta o/a meu/miña fillo/a e da necesidade de comezar a aplicar a medida de Reforzo Educativo dentro de aula ordinaria, co fin de mellorar o rendemento no seu proceso de ensino – aprendizaxe.

O Foxo, _____ de _____ de 20__.

Asdo. Pai/nai ou titor/a legal



ANEXO IV: MODELO DE INFORME FINAL INDIVIDUAL SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO



INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE)

CURSO: 20 – 20

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

APELIDOS:

NOME:.....

DATA DE NACEMENTO: *CURSO:* *ETAPA:*

Infantil: Nivel:

Primaria: CICLO: 1º: 2º: 3º: NIVEL: GRUPO:

Por cada ÁREA OU MATERIA NA QUE A ALUMNA OU O ALUMNO RECIBIU RE.

1. ÁREA OU MATERIA:

2. DATOS DO PROFESORADO DA ÁREA OU MATERIA:

APELIDOS: *NOME:*

.....

3. DATOS DO REFORZO EDUCATIVO:

DATA DE COMEZO DO RE: *DATA DE REMATE DO RE:*

.....

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS DESENVOLVIDAS:

a) Cal foi o motivo?

b) En que consistían?

c) Con que frecuencia se presentaban?

d) Cando as realizaba a alumna ou o alumno? (se procede)



e) Quen lle axudaba?:

f) Como se avaliaban?

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE:

- Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
- Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE (Indicar se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, poden verse beneficiados ou non por unhas medidas regulares de reforzo educativo na área ou materia)

..... de de 20



ANEXO V: MODELO DE INFORME FINAL DE PT E AL



INFORME INDIVIDUALIZADO (PT)

Curso: _____

DATOS DO ALUMNO/A:

NOME	PRIMERO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NIVEL – GRUPO	MESTRE/A –TITOR/A	MESTRE/A DE REFORZO

DATOS DO DOCUMENTO:

DATA DE ELABORACIÓN	
DOCUMENTO MOTIVADO POR	NEE
	NEAE
	REFORZO NAS ÁREAS
	Especificación das características polas que se fixo preciso intervir:



DATOS ORGANIZATIVOS DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

NÚMERO DE SESIÓNS	
ESPAZO DA INTERVENCIÓN	<input type="checkbox"/> Na aula ordinaria <input checked="" type="checkbox"/> Na aula de apoio <input type="checkbox"/> Outros:
OBXECTIVO DA INTERVENCIÓN	
MATERIAIS	<input type="checkbox"/> Materiais comúns <input type="checkbox"/> Adaptación de materiais comúns <input type="checkbox"/> Material de cursos inferiores <input checked="" type="checkbox"/> Exercicios especiais <input type="checkbox"/> Materiais específicos (indicar área, nivel, tipo,...)
MATERIAIS	MATERIAIS ESPECÍFICOS:
AVALIACIÓN	<input type="checkbox"/> Avaliación normalizada <input type="checkbox"/> Avaliación adaptada (modificar as técnicas, os procedementos, os instrumentos,...). <input type="checkbox"/> Avaliación individualizada (modificaranse os obxectivos, os contidos e sinalaranse criterios específicos).



DATOS DA EVOLUCIÓN DO ALUMNO/A

VALORACIÓN DA EVOLUCIÓN DO ALUMNO/A	
PREVISIÓN DA NECESIDADE DE REFORZO PARA O CURSO QUE VEN	

Asdo.

A mestra especialista en Pedagogía Terapéutica



INFORME INDIVIDUALIZADO (AL)

Curso: _____

DATOS DO ALUMNO/A:

NOME	PRIMERO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NIVEL – GRUPO	MESTRE/A –TITOR/A	MESTRE/A ESPECIALISTA NA INTERVENCIÓN

DATA DE ELABORACIÓN	
---------------------	--

DATOS DO DOCUMENTO

DATOS ORGANIZATIVOS DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

NÚMERO DE SESIÓNS	
ESPAZO DA INTERVENCIÓN	<input type="checkbox"/> Na aula ordinaria <input type="checkbox"/> Na aula de apoio <input type="checkbox"/> Outros:
OBXECTIVO DA INTERVENCIÓN	



TIPO DE ACTIVIDADES REALIZADAS	
---------------------------------------	--

DATOS DA EVOLUCIÓN DO ALUMNO/A

VALORACIÓN DA EVOLUCIÓN DO ALUMNO/A	
PREVISIÓN DA NECESIDADE DE INTERVENCIÓN PARA O CURSO QUE VEN	

Asdo.

A mestra especialista en Audición e Linguaxe



ANEXO VI: Plan específico de reforzo para o alumnado repetidor



PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO PARA ALUMNADO REPETIDOR
NOME e APELIDOS
Relación das Necesidades Educativas que motivaron a repetición de curso
Medidas Ordinarias aplicadas no curso anterior
Estratexias metodolóxicas que se van a empregar e plan de actuación
Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan

Asdo.

En....., a....., de.....



Anexo VII: Proposta de adaptación curricular



Proposta de Adaptación Curricular

Adaptación curricular da área de:	Etapas:	Nivel:
-----------------------------------	---------	--------

Bloque:
<p style="text-align: center;">Currículo de referencia</p> <p style="text-align: center;">(Decreto 105/2014, do 4 de setembro, ou Decreto 86/2015, do 25 de xuño)</p>
<p style="text-align: center;">Currículo adaptado</p>
Contidos:
Criterios de avaliación:
Estándares de Aprendizaxe:
Competencias Clave:
Orientacións metodolóxicas:



VIII: Expediente de Adaptación Curricular



EXPEDIENTE DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO OU DA ALUMNA

2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE

2.1. CARACTERÍSTICAS DO DESENVOLVEMENTO

2.2. DATOS MÉDICOS RELEVANTES

3. DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES

3.1. DESENVOLVEMENTO COGNITIVO

3.2. TRAZOS DA PERSONALIDADE

3.3. INTERESES MANIFESTADOS

3.4. NIVEL DE ADAPTACIÓN PERSOAL E INTERACCIÓN SOCIAL

4. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR

4.1. ESTRUTURA FAMILIAR

4.2. LINGUA HABITUAL DA FAMILIA

4.3. CARACTERÍSTICAS DA DINÁMICA FAMILIAR

4.4. EXPECTATIVAS FAMILIARES SOBRE A ALUMNA OU O ALUMNO

4.5. PAUTAS EDUCATIVAS, VALORES E NORMAS NO SEO FAMILIAR

4.6. RELACIÓN E COOPERACIÓN CO CENTRO EDUCATIVO

5. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR

5.1. FORMA ORGANIZATIVA DO CENTRO

5.2. FORMA ORGANIZATIVA DA AULA

5.3. COLABORACIÓN E PARTICIPACIÓN DOS DISTINTOS SERVIZOS EDUCATIVOS

6. DATOS PEDAGÓXICOS

6.1. ASPECTOS RELEVANTES DA ESCOLARIZACIÓN

6.2. CURRÍCULO DE REFERENCIA

6.3. COMPETENCIAS XA ADQUIRIDAS RESPECTO DO CURRÍCULO DE REFERENCIA EN CADA UNHA DAS ÁREAS OU MATERIAS

6.4. NECESIDADES EDUCATIVAS RESPECTO DAS CAPACIDADES (CRITERIOS DE AVALIACIÓN) ESTABLECIDAS NO CURRÍCULO DE REFERENCIA

6.5. PREFERENCIA DE APRENDIZAXE

6.6. ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE

6.7. GRAO DE MOTIVACIÓN E INTERESES EDUCATIVOS

6.8. PERTINENCIA DE REALIZAR UNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS

6.9. PERÍODO DE TEMPO PARA O QUE SE PROPÓN A ADAPTACIÓN CURRICULAR

6.10. ÁREAS OU MATERIAS PARA ADAPTAR



- 6.11. RECURSOS PARA EMPREGAR
- 6.12. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA ADAPTACIÓN CURRICULAR
- 6.13. CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN
- 6.14. DE SER O CASO, CRITERIOS PARA A TITULACIÓN

7. ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA E OPINIÓN DESTA

8. PERSOAS PROFESIONAIS PARTICIPANTES

- 8.1. DIRECCIÓN
- 8.2. XEFATURA DE ESTUDOS
- 8.3. PROFESORADO TITOR
- 8.4. PROFESORADO DAS ÁREAS OU MATERIAS ADAPTADAS
- 8.5. PROFESORADO DE APOIO
- 8.6. XEFATURA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
- 8.7. OUTRAS PERSOAS PROFESIONAIS

**9. PROPOSTA CONCRETA DAS ÁREAS OU MATERIAS ADAPTADAS
(CURRÍCULO ADAPTADO)**

Adaptación curricular da
área ou materia de

.....

Etapa:

Nivel:



IX: Autorización para a intervención de PT e/ou AL



D./Da. _____
pai, nai do/a alumno/a _____,
escolarizado/a en ____ de Educación _____,

AUTORIZO

NON AUTORIZO

Á mestra ou mestre especialista en Pedagogía Terapéutica do CEIP do Foxo a
intervir sobre as dificultades do/a alumno/a, dentro ou fóra da aula, en función
da resposta educativa que precise.

Asdo. Pai/nai

O Foxo, _____ de _____ de 20__.



D./Da. _____
pai, nai do/a alumno/a _____,
escolarizado/a en ____ de Educación _____,

Autorizo

Non autorizo

Á mestra especialista en Audición e Linguaxe do CEIP do Foxo a intervir sobre as dificultades do/a alumno/a, dentro ou fóra da aula, en función da resposta educativa que precise.

Asdo. Pai/nai

O Foxo, _____ de _____ de 20__.



Anexo X: Memoria final PT/AL



Memoria de final de curso de Pedagogía Terapéutica

Número de alumnado atendido:

Niveis educativos nos que está escolarizado o alumnado atendido:

Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas nas que se realizaron as intervencións:

Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado:

Previsión de cara o seguinte curso:

Propostas de mellora:



Memoria de final de curso de Audición e Linguaxe

Número de alumnado atendido:

Niveis educativos nos que está escolarizado o alumnado atendido:

Valoración da coordinación co profesorado titor e co profesorado das áreas nas que se realizaron as intervencións:

Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado:

Previsión de cara o seguinte curso:

Propostas de mellora: